

Eu, Daniel Uxío Reinoso Maset, con DNI 36161298-P, e con domicilio en Camiño de Rioboo 51, Vigo, como licenciado en historia e veciño de Vigo, **expoño:**

1º- O inmenso valor cultural da Alfageme de Bouzas.

- a) **A conserveira Alfageme de Bouzas é un complexo industrial-portuario-residencial de gran valor histórico e cultural.** Este complexo foi erixido e mantido pola empresa familiar Bernardo Alfageme, dende 1927 ata o ano 2010, e **está formado por dúas parcelas e dez elementos inmobles:** Na *Parcela principal, adquirida pola Alfageme cara o ano 1927, foron construídas as *Naves do almacén de madeira (no mesmo ano 1927), o *Edificio principal (1931), a *Vivenda dos donos (ca. 1935) a *Nave anexa (1939), o *Edificio de servizos (ca. 1940), así como unha ampla superficie de *Vías internas empedradas (cunha *marquesiña para automóviles) e un *Xardín de estilo francés con *árbores medradas, *farois e un *hórreo; amais no extremo NO das *Naves do almacén da madeira foi erixido un gran *Depósito de auga; Na *Parcela de portuaria, adquirida en concesión administrativa no ano 1941, a Alfageme erixiu dúas *Naves para almacén e un *Peirao.
- b) En xeral, **os edificios da Alfageme de Bouzas aínda presentan un bo estado de conservación** (cousa pouco habitual entre o patrimonio industrial en desuso da ría de Vigo).
- c) **Estes edificios foron feitos cunha gran calidade construtiva** no deseño, técnicas e materiais, e **seguindo unha liñas funcionais e estéticas ben definidas e coidadas** ao longo dos oitenta anos de vida industrial. A pesares das grandes dimensións industriais dos edificios e as diferentes épocas, funcións e reconversións dos mesmos, o resultado final foi un **conxunto orgánico, integrado, continuo, harmonioso e amable** ao ollo e pé de quen o visite.
- d) Cada un destes elementos inmobles pode ser considerados individualmente como un singular ben cultural da categoría “Monumento” (e catalogar cada un deles, individualmente, como tais); ou, prestando un pouco máis de atención a realidade material e a historia da fábrica de conservas, **pódese recoñecer a unidade e integridade dos inmobles da Alfageme de Bouzas, e catalogalos todos xuntos como un “Conxunto histórico”** (segundo define o artigo 10.1. da Lei 5/2016 de Patrimonio Cultural de Galicia).
- e) Este complexo industrial-portuario-residencial da Alfageme é limítrofe polo oeste co conxunto histórico do Casco Vello de Bouzas, co cal está estreitamente vencellado tanto no espazo coma na historia.
- f) **No conxunto da Alfageme de Bouzas conxúganse unha suma de valores históricos, culturais, arquitectónicos e urbanísticos de primeira orde.** Os valores históricos e culturais da Alfageme de Bouzas teñen unha **gran representatividade para a vila de Bouzas, a cidade de Vigo, a comunidade galega e os sectores pesqueiro e conserveiro;** amais, a transcendencia desta fábrica central da Alfageme de Bouzas (así o foi dende 1936) supera o ámbito local, debido as **fondas ligazóns desta fábrica da**

Alfageme en Bouzas (central da empresa dende 1936) **con outras poboacións de Galicia, Asturias e Zamora**, así como pola popularidade da marca “Miau” en todo o mercado español.

2º- O recoñecemento explícito dalgúns valores culturais da Alfageme de Bouzas que fai a Memoria Xustificativa do PXOM, aos cuais engade outros factores de importancia urbanística, así:.

- a) Na *Parte de Información*, no apartado 9. *Estrutura e Modelo de Asentamento*. 9.1.4. *A malla urbana. As áreas urbanas. Ámbitos intersticiais* (Tomo II, páxina 468), sinálase: **“Na fronte portuaria destaca o edificio da fábrica Alfageme, hoxe sen uso, co que debería ser incorporado á trama da Cidade como uso dotacional que o poña en valor”**. No *Estudo da Paisaxe Urbana*, apartado 3. *Caracterización das áreas urbanas*. 3.A *cidade continua*. páxina 54, repítense as mesmas verbas
- b) Na *Parte de Información*, no apartado 11. *Antecedentes de Planeamento Urbanístico*. no apartado 11.3. *O Plan Xeral de 2008* (Tomo III, páxina 541), lémbrese a importancia da creación **“... dun Museo da Conserva na actuación de Alfageme”** para completar o sistema xeral de equipamentos comunitarios da cidade de Vigo.
- c) Na *Parte de Información*, no apartado 11. *Antecedentes de Planeamento Urbanístico*. no apartado 11.5. *A ordenación dos ámbitos de interese patrimonial* (Tomo III, páxina 556), sublíñase que **“...existen encraves edificatorios de valor cultural en desuso para os que debe estudarse cal é o seu destino e función na trama urbana. Por exemplo as antigas instalacións de Alfageme en Bouzas-Beiramar.”**
- d) Na *Memoria Xustificativa. Parte de Información. Anexo. Estudo da Paisaxe*. no apartado 5. *Valores paisaxísticos*. 5.2 *Valores culturais e patrimoniais* (páx. 31), valórase: **“O patrimonio industrial e portuario de Vigo conta con elementos de gran valor estético composto por diferentes contedores e instalacións vencellados co mar que constitúen algúns dos fitos de referencia da cidade (...) As paisaxes industriais e portuarias, caracterizadas por conxuntos fabrís de importancia histórica, altos valores arquitectónico e simbólico, e paradigma da arquitectura industrial dos séculos XIX e XX, son creadoras da identidade da cidade.”** E ilústrase e exemplifícase con fotografías das conserveiras Albo e Alfageme (figura 5.2.5.).
- e) Na *Parte de Información. Anexo. Estudo da Paisaxe*. No apartado 7. *Ámbitos de especial atención paisaxística*. 7.6. *Zonas abandonadas* (páx. 59), alértase: **“Moitos destes conxuntos industriais ociosos e en acusado proceso de degradación, adxacentes ao Porto de Vigo, presentan así mesmo un alto valor arquitectónico e interese patrimonial, e constitúen cualificadas mostras da arquitectura e enxeñería industrial viguesa.”** E ilústrase e exemplifícase con fotografía da Alfageme (figura 7.6.1.)
- f) Na *Parte de Xustificación*, no apartado 3. *Definición de obxectivos e criterios de ordenación e*

modelo do desenvolvemento do planeamento. 3.2. Definición dos obxectivos de ordenación (páx. 44), márcase claramente como un dos obxectivos principais do novo PXOM debe ser: **“Aproveitar a potencialidade que algunhas dotacións teñen á hora de xerar novas centralidades (Nova Estación de Urzáiz, Nova Cidade da Xustiza, ETEA, Alfageme, etc.), para establecer eixes de relación múltiple e complexa (Eixe do Lagares, Eixe Urzáiz-Samil, Novo Eixe Verde en Teis, Beiramar, etc.)”**

E tamén **expoño que:**

3º – O novo catálogo do PXOM divide e reduce o conxunto histórico da Alfageme de Bouzas.

- a) O novo Catálogo de Patrimonio Cultural do PXOM crea dúas fichas independentes: a ficha *IC.00.002 -Fábrica de conservas Alfageme-*, que comprende individualmente o *Edificio principal; e, a ficha *IC.00.003 -Vivenda e naves da conserveira Alfageme-*, que segundo o croquis adxunto, comprende o conxunto das *Naves do almacén da madeira, a *Vivenda dos donos e a *Nave anexa. Non obstante, o nivel de protección é o mesmo para os catro elementos (estrutural), e tamén é o mesmo o entorno de protección delimitado en ambas fichas.
- b) O resto de elementos da *Parcela principal (o *Edificio de servizos , as *Vías internas empedradas e o *Xardín) fican explícitamente excluídos da protección que outorga o *Catálogo* do PXOM.
- c) O perímetro de protección de ambas fichas exclúe unha pequena área duns 150 m² ocupados por un patio cuberto ao norte da *Nave anexa, e ao oeste do *Edificio principal.
- d) A *Parcela Portuaria e as súas dúas *Naves para Almacén e o *Peirao non foron catalogados no novo PXOM e tampouco teñen ningún outro tipo de protección como bens do noso patrimonio cultural.

4º- As dúas fichas do *Catálogo da Alfageme de Bouzas* conteñen unha información pobre e confusa.

Así, na ficha *IC.00.002 -Fábrica de conservas Alfageme-*:

- a) **En ningún momento a descrición fai referencia a notabilísimos elementos estruturais internos do *Edificio principal**, como o son a *estrutura de piares e vigas metálicas, que sustentan o *sobrado de madeira da primeira planta e os *dous faiados nunha segunda altura; nin a forma de *atrio cuberto que esta estrutura metálica crea sobre o espazo de traballo das mulleres da conserva; nin da existencia e composición das *escaleiras internas ou das *varandillas que rodean aquel *atrio cuberto.
- b) Na descrición, o *Edificio principal é definido como *“Edificio exento nunha grande parcela...”*, cando en realidade o *Edificio principal ten apegado polo oeste a *Nave anexa.
- c) No apartado *“elementos de patrimonio próximos”* non se fai referencia a ningún dos outros

elementos do conxunto da Alfageme, nin sequera aos que están protexidos pola ficha *IC.00.003 -Vivenda e naves da conserveira Alfageme-*

- d) Na fotografía desta ficha saen representados en primeiro termo as *Naves para almacén da *Parcela de portuaria, e en segundo termo, cuberto por unha rede de obra, un pequeno sector da fachada norte do *Edificio principal.

E na ficha *IC.00.003 -Vivenda e naves da conserveira Alfageme-*.

- e) **A descrición só fai referencia sucinta ao estilo “*rexionalista*” da *Vivenda dos donos, e non di nada que defina que son e en que consisten as *Naves do almacén da madeira e a *Nave anexa**, unicamente un plano determina a protección explícita da súa área.
- f) **Non se fai referencia a ningún elemento interno destes tres edificios protexidos**, como pode ser a *estrutura de madeira das cubertas da *Naves do almacén da madeira; ou a impresionantes *escaleira principal e *vidrieira da *Vivenda dos donos.
- f) Na única fotografía que acompaña esta ficha *IC.00.003* (que é unha vista alonxada e parcial do conxunto da Alfageme) non se visualiza parte algunha das *1- Naves do almacén da madeira.
- g) Na parte de “*elementos de patrimonio próximos*” da ficha non se fai referencia algunha ao elemento protexido *Edificio principal, nin a ficha *IC.00.002 -Fábrica de conservas Alfageme-*.

5º- A Revisión do PXOM divide a *Parcela principal da Fábrica da Alfageme en dous ámbitos urbanísticos de Reforma Interior: o *SUNC 232 Beiramar Alfageme* (sector oeste) e Sistema Xeral Adscrito ao *SUNC 237 Camiño Barciela-Esturáns-Tomás Alonso* (sector leste).

Amais, aquelas eivas na información detallada e confusión sobre a identidade e características dos bens culturais protexidos que acabamos de ver que se dan nas fichas do *Catálogo*, esténdese as fichas dos ámbitos SUNC, así:

- a) **Non hai correspondencia entre a división da Alfageme feita nas dúas fichas do *Catálogo* coa división da mesma parcela en dous ámbitos de SUNC**: A ficha do catálogo *IC.00.003* (a do sector oeste) comprende os elementos protexidos *Vivenda dos donos + *Nave anexa + *Naves do almacén de madeira, mentres que ámbito *SUNC 232* (o sector oeste) non inclúe a *Nave anexa, que pola contra se se atopa, xunto ao *Edificio principal, incluída no Sistema Xeral Adscrito do ámbito *SUNC 237*.
- b) **A ficha do *SUNC 237 Camiño Barciela-Esturáns-Tomás Alonso* (que inclúe o sector leste da *Parcela principal da Alfageme como SXA) non inclúe referencia ou determinación algunha sobre como deben ser conservados o *Edificio principal e a *Nave anexa**. Nin sequera aparece nomeadas as palabras Alfageme, conserveira, fábrica, industria,...
- c) No apartado “*Outras Determinacións*” do *SUNC 232 Beiramar Alfageme* (sector oeste da parcela da Alfageme) apenas figura “*1.Fábrica de conservas Alfageme. Respeto do edificio*

*para garantir a súa pervivencia e contemplación...”, sen sequera nomear que nese ámbito existen os elementos protexidos pola ficha IC.00.003 *Vivenda dos donos e *Naves do almacén de madeira, e unha zona de *Xardín entre ambos, con *árbores medradas, ou un gran *Depósito de auga.*

6- A división da *Parcela principal da Alfageme en dous ámbitos urbanísticos compromete a conservación e rehabilitación do conxunto histórico, xa que fai posible que a rehabilitación e reutilización do que ata hoxe era unha unidade aconteza en dúas partes, en dous momentos, executado por dúas mans distintas, dependendo de dous procesos administrativos e dos intereses de dous promotores inmobiliarios distintos. Esta división, que o novo PXOM fai posible, predícese moi probable tendo en conta, que:

- a) **O SUNC 232** (sector oeste da Alfageme) **presenta unhas características moi favorables para a súa pronta execución**. Principalmente pola privilexiada situación deste ámbito, ben comunicado e xa urbanizado (xunto ao Conxunto Histórico de Bouzas, vistas ao mar, comunicado coa Avda. de Beiramar,...), pero tamén **porque é unha única parcela**, na que se permite unha edificabilidade moderada de 1,25 m², para uns usos 90%residencial e 10% terciario, pero que ten unhas cesións para o sistema local público segundo o mínimo marcado pola lei.
- b) Mentres que o **SUNC 237, e o seu Sistema Xeral Adscrito** (o *Edificio Principal e a *Nave anexa da Alfageme) **serán dificilmente executados**, debido a que é un ámbito apenas urbanizado, fechado en si mesmo e que **comprende un gran número de propiedades**. A propia *Memoria Xustificativa da Revisión do PXOM* sinala as dificultades para a execución deste ámbito de Barciela-Esturáns, que nin sequera foi realizado nos anos do *Boom* inmobiliario (o PERI II-08 TOMÁS ALONSO no PXOU de 1993 era: “demasiado extenso, o que dificultou o seu desenvolvemento, pese ao seu inicio...”). Se ben agora se reduciu a extensión deste ámbito, o ámbito do SUNC 237 segue sendo enorme, con 104.718m² de superficie bruta é o segundo maior ámbito do novo PXOM. Amais, ten unha edificabilidade moderada (1,25 m²/m²) e unhas cargas considerables (30% vivenda de protección oficial + *SXA Equipamento 606* de 7.570 m² -o sector leste da Alfageme + *SXI Equipamento 607* de 5.622 m²+ factor 1,1EST en árbores), co cal sigue sendo demasiado extenso e pouco atractivo para os promotores inmobiliarios.
- c) Polas mesmas razóns deste último punto, hai tamén un **serio risco de que o *Edificio principal e *Nave Anexa da Alfageme nunca pases a mans públicas e a ser rehabilitados e reutilizados como Equipamento Dotacional**.

7º- O nivel de protección “estrutural” para os catro inmobles da Alfageme anteditos, e a desprotección do resto, e as condicións urbanísticas determinadas polo novo PXOM, **poden implicar a destrución irreparable do conxunto histórico da Alfageme de Bouzas**.

- a) O nivel de protección *Estrutural*, é, como define o artigo 110 da *Normativa Urbanística* do novo PXOM, “...o réxime de protección aplicable aos bens nos que interesa conservar integramente a súa fachada, o seus patios interiores, os seus elementos estruturais e tipolóxicos básicos e as súa distribución de espazos”.
- b) Non obstante, a LPCG (art. 42.2). **permite para os bens con protección *Estrutural* as obras de “restruturación” e as de “ampliación, en planta e en altura” así como a substitucións de elementos orixinais por “elementos análogos ou coherentes cos orixinais.”** .
- c) Amais, dado os dereitos edificatorios que afectan o sector oeste da Alfageme, e a pobreza e confusión da información aportada polas dúas fichas do catálogo e demais determinacións do PXOM (que deixan de facto desprotexidos os elementos internos e secundarios do conxunto da Alfageme), **é previsible que os interese inmobiliarios procedan a demolición preventiva dos elementos desprotexidos** (*Edificio de servizos, *Vías internas empedradas, *Xardín con *árbores medradas; o *Depósito de auga e a *estrutura de madeira das cubertas da *Naves do almacén da madeira; ou, a *escaleira principal e *vidreira da *Vivenda dos donos.), **para seguidamente proceder a construír vivendas no lugar mediante a “restruturación” e a “ampliacións, en planta e altura” das estruturas dos elementos protexidos.** (*Vivenda dos donos e as *Naves do almacén de madeira).
- d) Así mesmo, aínda que os intereses inmobiliarios non sexan tan inmediatos, tamén é posible que a propiedade proceda a demolición preventiva ou abandono do mantemento dos elementos interiores e secundarios do *Edificio principal e *Nave anexa, para conseguir o seu baleirado e devaliación como patrimonio cultural, e así obter nun futuro unha recalificación do mesmo e/ou proceder a realizar “restruturacións” e a “ampliacións, en planta e altura”.

E por último **expoño que:**

8- A cidade de Vigo en xeral, e a céntrica zona do litoral de Coia e Bouzas máis concretamente, **precisa gañar espazos libres e equipamentos públicos de calidade e ben situados e integrados na cidade.** O que é unha impresión xeral, tamén e evidenciado polas análises feitos na *Memoria Xustificativa* do PXOM, así, na *Parte de Información*, no apartado 8. *O sistema de equipamentos e zonas libres. Características e avaliación de déficits:*

- a) Subliñase que tanto o sistema de espazos libres e zonas verdes como o de equipamentos “*presentan importantes deficiencias no que se refire á súa distribución e funcionalidade, resultado dunha planificación urbanística feble que provocou unha desestruturación forte na ocupación territorial, o que tamén é moi patente na disposición das áreas estanciais e dotacionais*”. (Tomo II, páxina 443).
- b) No tocante á superficie das zonas verdes e espazos libres existentes, sinálase que é

preciso ampliar “un mínimo dun 40% a superficie existente para cumprir o estándar legalmente establecido para a superficie residencial actual”(Tomo II, páxina 444).

- c) Como solución a estes dous puntos anteriores, apúntase que “O Plan Xeral completará a oferta en base a mellorar a distribución territorial e a situación e accesibilidade de cada tipo de equipamento para garantir a suficiencia e a máxima accesibilidade para os habitantes do municipio. A xeración dunha estrutura mixta de zonas verdes-corredores-dotacións pode colaborar no achegamento necesario”. (Tomo II, páxina 444).
- d) Apórtanse datos sobre os equipamentos da zona de análise de Bouzas-Beiramar, resultando que esta zona non ten ningún equipamento de titularidade pública dos tipos “Sanitario” e “Asistencial de Maiores”, e un déficit relativo á poboación deste distrito dos tipos “Deportivo” e “Reservas multiusos”.

9- No Borrador da Revisión do PXOM de Vigo presentado á *Avaliación Ambiental Estratéxica*, e aprobado provisionalmente, **o conxunto formado polos *Edificio principal, *Nave anexa e *Naves do almacén de madeira eran grafiados como unha peza do “Sistema de equipamentos propostos”** de tipo “Público” (plano 4-Ordenación do solo urbano consolidado), **mentres que na versión da revisión do PXOM aprobada inicialmente**, nese mesmo plano **tan só se grafían como “Sistema de Equipamento” o *Edificio principal e a *Nave anexa**, e a parte do xardín no fronte destes edificios. O resultado desta mudanza entre o *Borrador* e a versión da documentación aprobada inicialmente da Revisión da PXOM é que a superficie total do equipamento público proposto na Alfaceme redúcese nuns 1.000 m² de superficie total, e redúcese nuns 3.000 m² os de superficie construída, e pérdese a posibilidade de converter as *Naves do almacén de madeira nun equipamento público con valor histórico-cultural.

E polo tanto, **eu solicito:**

A) A catalogación no novo PXOM de Vigo do complexo industrial-residencial-portuario da **conserveira Alfaceme de Bouzas coma conxunto histórico de tipo industrial con nivel de protección Integral** (LPCG, artigos 10.1, 41.1., e 104).

B) E que neste conxunto histórico se inclúan as dúas parcelas do complexo (*Parcela principal e *Parcela Portuaria), **e todos os seus elementos inmoables e espazos libres.**

Así, na ***Parcela principal**, sería preciso protexer explicitamente:

- 1- as ***Naves do almacén de madeira** (construídas no ano 1927), con todos os seus muros exteriores de cantería de diferentes épocas e feitura, a *estrutura de madeira das cubertas e os piares (de diferentes materiais e técnicas) que a sustentan, así como o gran *Depósito de auga de formigón armado situado no sector noroeste destas naves.
- 2-o ***Edificio principal** (1931), coa *estrutura de piares e vigas metálicas, que sustentan o *sobrado de madeira da primeira planta e forma o *atrio cuberto sobre o obradoiro da planta baixa, os *dous faiados nunha segunda altura e as *estruturas, metálicas e de

madeira, da cuberta; así como as *varandas e *escaleiras internas metálicas; os azulexos que cobren as paredes nas zonas de traballo e calquera outro elemento material de valor e significativo que se conserven dos diferentes espazos (oficinas, despachos, laboratorio, aseos, almacéns,...). Tamén deberán protexerse explicitamente nesta ficha a *obra de carpintería de madeira das fiestras, e o *letreiro BERNARDO ALFAGEME e o *panel de azulexos co logo de MIAU.

3- A ***Vivenda dos donos** (ca. 1935) cos seus elementos interiores, especialmente a *escaleira principal e a *vidreira que se abre sobre a mesma.

4- A ***Nave anexa** (1939), coa *estrutura metálica da súa cuberta, a *escaleira con varanda de metal do extremo norte, as *carpinterías de madeira e cristal que cobren os vans e a *marquesiña metálica situada sobre o seu aceso polo sur, así como a máquina *cinta transportadora de metal e madeira.

5- O ***Edificio de servizos** (ca.1940), coas súas divisións internas e calquer outro elemento material de valor e significativo que se conserven dos diferentes espazos (vestiarios, cantina, taller,...).

7- As ***Vías internas empedradas** e *marquesiña para estacionar automóbiles e a *caseta do control de accesos.

8- O ***Xardín** de estilo francés con *árbores medradas, *sebes, *farois e un *hórreo.

Mentres que na ***Parcela portuaria**, é preciso protexer explícitamente.

9- As **dúas *Naves para almacén** (ca. 1945) coa *estrutura de formigón e cable tensado da cuberta, *as tellas orixinais da mesma, así como os piares de formigón que a sustentan.

10- O ***Peirao**, incluída a súa rampla.

C) Que toda a ***Parcela principal da Alfageme sexa cualificada como unha única peza do Sistema Xeral de Equipamentos** (se acaso diferenciando entre a parte de xardín e vías coma SX Espazos Libres-Zona Verde e o edificado coma SX Dotacional), **co obxecto de establecer un equipamento mixto (dotacional-verde) e multifuncional** (Museo da Conserva, Museo da Vila de Bouzas, sala de exposicións e actuacións, parque, residencia de anciáns, gardería,...).

D) Que a obtención de solo desta peza do Sistema Xeral debe ser **vía expropiación ou permuta forzosa** (Lei 2/2016 do Solo de Galicia:art. 129.3)

E) Que para asegurar a conservación integral e facilitar a conversión do conxunto histórico da Alfageme nun equipamento mixto e multifuncional se adopte un **Plan Especial de Protección do conxunto histórico da conserveira Alfageme de Bouzas** que prohiba explicitamente calquera tipo de nova construción, restruturación ou ampliación do construído en planta ou altura nas dúas parcelas, *Principal e *Portuaria (LSG: art. 71.2).

F) ou que, no defecto do punto anterior, **o conxunto histórico da conserveira Alfageme sexa integrado no Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Histórico de Bouzas**.

E tamén, máis especificamente, **solicito:**

- G) Que a catalogación do conxunto histórico da conserveira Alfageme de Bouzas fágase nunha única ficha “individualizada” que comprenda ambas parcelas** (LPCG:30.1 art.; e LSG: art. 81.3), tal e como se fixo neste mesmo *Catálogo* do PXOM coa ficha *AE.10.002 -Sainas da xunqueira do Lagares-* ou a *IF.00.003 -Fachada do complexo a Metalúrxica-*
- H) E que esta ficha do conxunto histórico da Alfageme conteña a “información detallada”** (LPCG: art. 35.3) e “*descripción gráfica das súas características construtivas, (e) estado de conservación*”(LSG: art. 81) (ou sexa información: textual, gráfica e fotográfica) **que permita efectivamente identificar correctamente e protexer xuridicamente todos os elementos do conxunto** e os seus compoñentes valiosos, interiores ou exteriores, principais ou accesorios, sexan de pedra, metal, formigón, madeira ou vidro.
- I) E que no plano da ficha do *Catálogo* do PXOM sexa delimitado un “perímetro” de protección que comprenda a totalidade das dúas parcelas do complexo da Alfageme, incluído a pequena área duns 150 m2 ocupados por un patio cuberto ao norte da *Nave anexa e ao oeste do *Edificio principal.**

E para o puntos A) e B) da miña solicitude, no tocante á *Parcela portuaria **alego que:**

- L) A Revisión do PXOM de Vigo pode catalogar todos os bens inmobles de patrimonio cultural “situados no ámbito territorial que desenvolvan”, bastando para elo que a “entidade local” o “indique motivadamente”** (LPCG: art. 35). Isto inclúe os bens culturais inmobles en Zona de Servizo Portuario, ou que estean en Dominio Público Marítimo-Terrestre. Non se pode basear a inacción da administración local nas súas competencias de protección do patrimonio cultural (LPCG: art. 3, e LSG: art. 7 e 12) no ámbito portuario en base ao *do Real Decreto Legislativo 2/2011 por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley de Puertos del Estado y de Marina Mercante*, xa que a catalogación e protección da *Parcela portuaria e as dúas *Naves de almacén e o *Peirao da Alfageme non implica necesariamente “*incluir determinacións que supoñan unha interferencia ou perturbación no exercicio das competencias de explotación portuaria e de sinalización marítima*” da Autoridade Portuaria de Vigo. Así, para o casos como a parte portuaria do complexo da Alfageme de Bouzas, a LPCG, no seu artigo 105, comprende uns “*Criterios para a intervención no patrimonio industrial*” que precisamente fan compatible a catalogación e protección do patrimonio industrial coas concesións públicas e as actividades industriais.

É que ademais, nin Portos do Estado nin a Autoridade Portuaria de Vigo teñen competencias ou funcións no eido da catalogación e protección xurídica do patrimonio cultural do seu ámbito, e os Plan Especiais de Infraestruturas non están obrigados explicitamente a comprender un catálogo de patrimonio cultural (LSG: art.73). Pola contra, no ordenamento xurídico si se di explicitamente que os PXOM deben incluír un catálogo de patrimonio cultural do seu ámbito(LSG: art. 52), e amais, segundo o artigo 3 da LPCG, os concellos “*en relación cos*

bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial”, si que deben, “a) Protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural... d) Exercer, así mesmo, as demais funcións que teñan expresamente atribuídas en virtude desta lei.” (entre as cuais está a antedita de catalogar o patrimonio cultural do seu termo municipal: artigo 35 da LPCG)

De feito, o *Plan Especial do Porto de Vigo* vixente non ten catálogo do seu patrimonio cultural, e pola contra, o catálogo do *PXOM do 2008* e o *Borrador da Revisión do PXOM de Vigo* si que incluían unha serie de elementos de patrimonio en ámbito portuario, como as *-Oficinas para armadores-* (código A-26), o *-Edificio da estación marítima-* (A-30), ou o do *-Real Club Náutico-* (A-42), e outros, que si aparecían sinalados nos planos de información do *Borrador* do PXOM aprobado provisionalmente, pero que desapareceron na versión da Revisión do PXOM aprobada inicialmente (aínda que seguen aparecendo no “*Inventario*” -instrumento informativo, sen validez legal- da *Memoria Xustificativa* desta versión aprobada inicialmente; *Parte Informativa, Tomo I*, páxina 167 e seguintes).

E para o punto C) da miña solicitude, **alego que:**

M) Polas razóns expostas nos puntos 5), 6) e 8), hai un serio risco de que o *Edificio principal da Alfageme nunca pase a mans públicas e a ser rehabilitado e reutilizado como Equipamento Dotacional. Este risco debería ser evitado tal e como se fixa Na *Memoria Xustificativa. Parte de Xustificación*, no inicio da mesma, cando fala das directrices estratéxicas clave da cidade de Vigo (apartado 1. *Xustificación da conveniencia e oportunidade da redacción do plan. As directrices xerais para a revisión do Plan Xeral*, páxina 9) e di que é preciso “*Repensar a estratexia económica, minimizando os riscos que poden implicar os cambios de ciclo (económico) e que poden comprometer a consecución dos elementos propostos, limitando a dependencia do estado do mercado e da iniciativa privada*”.

E para o punto G) da miña solicitude, **alego que:**

N) A actual división da Fábrica de Alfageme en dúas fichas é unha arbitrariedade innecesaria, sen razóns legal e que incluso resulta unha impertinencia (LPCG art. 30.1 e LSG art. 81.3) que podería conlevar confusións e complicacións xurídico-administrativas (LPCG: art.29.1, ou art.36.1). De feito o artigo 38.5 da LPCG xa subsume nunha mesma protección os diferentes inmobles dunha parcela.

En Vigo, a 7 de xaneiro de 2022.